


## AS CONDICIÓN DE VIDA

### 1 UNHA VIVENDA OBREIRA



2

A casa ten catro habitacións, dúas en cada piso; o mobiliario consiste en dúas camas no mesmo cuarto, unha para eles e outra para os fillos; na casa hai catro cadeiras, unha mesa, caixas para gardar a roupa, dúas olas e unha pota, unha tixola, algúns pratos, catro pares de garfos e coitelos e unhas cantas culleres.

Informe da comisión de fábricas de Manchester, 1833.

Unha multitude de mulleres e nenos deambula pola atmosfera contaminada. Levan enlurdada a roupa, moitos nenos van descalzos, teñen a cara fraca e triste (...). Que tristes son estas rúas! Polas ventás entreabertas podiamos ver cuartos miserables (...). Masas de nenos sucios e inflados amoréanse nas entradas das casas e respiran o aire putrefacto da rúa.

Informe oficial sobre a cidade de Derby, 1845.

## O TRABALLO NAS FÁBRICAS

3

O aire quente e húmido das fábricas de fiados e tecidos é altamente debilitante, produce suores, languidez muscular e debilidade do sistema gástrico, acompañada de respiración lenta e penosa (...). Velaquí a causa da debilidade dalgúns desgraciados traballadores a quen a necesidade obriga a pasar 14 ou máis horas diarias apegados a un tear (...) e lles acaba provocando a chamada tise algodoeira.

Joaquín SALARICH: *Hixiene do tecedor*, 1858.

A xornada laboral comezaba ás cinco da madrugada e finalizaba ás 8 da noite. Había dúas horas de descanso para comer: de 8 a 9 da mañá (...) e de 12 a 13 (...).

O meu soldo oscilaba entre 12 e 15 francos e os meus gastos de aloxamento (tiña alugada unha habitación) e nutrición subían a 14,15 francos. A casa non tiña calefacción nin auga corrente.

Jeanne BOUVIER: *Mes mémoires, une syndicaliste féministe (1876-1935)*, (Adaptación).

4

As condicións laborais e salariais eran impostas de maneira unilateral polos propietarios das fábricas, que podían impoñer multas que reducían o salario.

Causas das multas	Chelín
Por abrir unha ventá	1
Por ir sucio ao traballo	1
Por non gardar o aceite no seu sitio	1
Por deixar o gas aberto	2
Por asubiar no traballo	1
Por deixar restos de fío no tear	0,6
Por chegar cinco minutos tarde	1
Por estar enfermo e non levar un substituto	6

## O TRABALLO DE MULLERES E NENOS

5

Eu tiña sete anos cando comecei a traballar na manufactura de Bradley; o traballo era o fiado de la. As horas de traballo eran de 5 da mañá a 8 da tarde, cun intervalo de 30 minutos ao mediodía. Tiñamos que comer como podíamos, de pé ou de calquera xeito (...). Os nenos eran retidos no traballo a golpes de correa de couro.

Tamén traballaban o meu irmán e a miña irmá, que estaban a miúdo enfermos. O meu irmán Juan morreu hai tres anos con dezaseis anos. A miña nai e os médicos estiveron de acordo en que morrera por traballar xornadas excesivas.

Testemuño extraído dunha enquisa en Gran Bretaña, 1834.



Castigos que exercían os capataces contra os nenos na fábrica, 1856.



Nenos ingleses nunha mina de carbón. Gravado do século XIX.

8 A admisión dos nenos nas fábricas dende a idade de 8 anos é para os pais un medio de supervivencia, para os nenos, un inicio na aprendizaxe, para a familia, un recurso necesario. O hábito da orde, da disciplina e do traballo debe ser adquirido canto antes mellor.

Ministro de Comercio, Francia, 1841.

9 Os fiadores case desapareceron: as máquinas realizan o traballo coa vixilancia dun ou dous nenos ou dunha muller que substituíron en tódolos lugares aos homes.

As manufacturas só conservaron tecedores para as tarefas máis pesadas ou complexas; para o resto, dividiron as tarefas e substituíron o traballo dos homes polo de dúas mulleres ou catro nenos. (...)

Salario nos fiadeiros: homes: 2,50 F; mulleres: 1,75 F; nenos: 0,60 F.

Antoine Eugène BURET: *Da miseria das clases traballadoras en Inglaterra e Francia*, 1840.

10 Poboación activa feminina (Barcelona, 1900)

% sobre o total da pob. activa	23,25 %
% sobre o total de mulleres	19,06 %
Por sectores de ocupación (Barcelona, 1900)	
Agricultura	19 %
Industria	47,3 %
Terciario (comercio)	12,7 %
Servizo doméstico	21 %